

CONSELLO SOCIAL UNIVERSIDADE DA CORUÑA
MEMORIA ANUAL 2008



Consello Social
UNIVERSIDADE DA CORUÑA





Consello Social

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

EDITA: Consello Social UDC
DEPÓSITO LEGAL: C-1771-2009
DESEÑO E COORDINACIÓN: Europublic Comunicación, S.L.

ÍNDICE

6 -11 CARTA DO PRESIDENTE

Carta del Presidente

12 - 17 PRESENTACIÓN E COMPOSICIÓN

Presentación y composición

18 - 21 REPRESENTACIÓN DOS CONSELLOS SOCIAIS NOUTROS ÓRGANOS E INSTITUCIÓNS

Representación de los Consejos Sociales en otros órganos e instituciones

22 - 39 SESIÓNS PLENARIAS E ACORDOS DO CONSELLO SOCIAL

Sesiones plenarias y acuerdos del Consejo Social

40 - 43 ORZAMENTO DO CONSELLO SOCIAL

Presupuesto del Consejo Social

44 - 57 ORZAMENTO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA. EXERCICIO 2009

Presupuesto de la Universidad de A Coruña. Ejercicio 2009

58 - 61 LIQUIDACIÓN E AUDITORÍA DO ORZAMENTO DA UNIVERSIDADE DO 2008

Liquidación y auditoría del presupuesto de la Universidad de 2008

62 - 71 ACTIVIDADES EXTRAORDINARIAS

Actividades extraordinarias

72 - 79 PRÁCTICAS DO ALUMNADO EN EMPRESAS. EXERCICIO 2008

Prácticas del alumnado en empresas. Ejercicio 2008

80 - 114 APÉNDICE

Apéndice

MEMORIA | CONSELLO SOCIAL | UNIVERSIDADE DA CORUÑA
2008



CARTA DO PRESIDENTE
CARTA DEL PRESIDENTE

Escola Técnica Superior de Arquitectura (Campus Zapateira, A Coruña).

Escuela Técnica Superior de Arquitectura (Campus Zapateira, A Coruña).



CARTA DO PRESIDENTE CARTA DEL PRESIDENTE

No ano 2008 produciuse o cambio na presidencia do Consello Social. Tras a renuncia ao cargo por parte de D^a. Felipa Jove Santos, tiven o honor de ser nomeado presidente por decreto da Xunta de Galicia do 24 xullo, publicado no DOGA do 4 de agosto. Na súa carta presentando a memoria do Consello Social correspondente ao ano 2007, a daquela presidenta incidía na súa intención de estreitar os lazos entre a universidade, a sociedade en xeral e a empresa en particular, facendo referencia a unha serie de iniciativas para lograr ese obxectivo cun criterio de máxima eficacia e calidade. Seu é, polo tanto, o mérito das distintas actuacións que levou a cabo o Consello Social durante o pasado ano 2008 e o éxito indubidable dos seus correspondentes logros, na liña, que eu espero saber continuar, de reforzar institucionalmente un órgano que ten a inxente responsabilidade de representar á sociedade na universidade, exercendo funcións de supervisión das súas actividades de carácter económico e do rendemento dos seus servizos, pero, sobre todo, interrelacionando universidade e sociedade para que aquela, dotada de suficiencia económica e financeira e en condicións de ofrecer un servizo público de educación superior de excelsa calidade, sexa quen de satisfacer as necesidades do seu contorno, contribuíndo eficazmente ao desenvolvemento económico, social, e cultural de Galicia.

En el año 2008 se ha producido el cambio en la presidencia del Consejo Social. Tras la renuncia al cargo por parte de D^a. Felipa Jove Santos, tuve el honor de ser nombrado presidente por decreto de la Xunta de Galicia del 24 julio, publicado en el DOGA de 4 de agosto. En su carta presentando la memoria del Consejo Social correspondiente al año 2007, la entonces presidenta incidía en su intención de estrechar los lazos entre la universidad, la sociedad en general y la empresa en particular, haciendo referencia a una serie de iniciativas para lograr ese objetivo con un criterio de máxima eficacia y calidad. Suyo es, por tanto, el mérito de las distintas actuaciones que ha llevado a cabo el Consejo Social durante el pasado año 2008 y el éxito indudable de sus correspondientes logros, en la línea, que yo espero saber continuar, de reforzar institucionalmente un órgano que tiene la ingente responsabilidad de representar a la sociedad en la universidad, ejerciendo funciones de supervisión de sus actividades de carácter económico y del rendimiento de sus servicios, pero, sobre todo, interrelacionando universidad y sociedad para que aquella, dotada de suficiencia económica y financiera y en condiciones de ofrecer un servicio público de educación superior de excelsa calidad, sea capaz de satisfacer las necesidades de su entorno, contribuyendo eficazmente al desarrollo económico, social, y cultural de Galicia.

Vivimos momentos e circunstancias nos que a sociedade necesita, máis ca nunca, unha universidade excelente e eficiente.

Por unha parte, a situación de crise económica mundial na que nos atopamos require que a capacidade xeradora de coñecemento e investigación que caracteriza ás universidades se constitúa en auténtico motor do desenvolvemento económico e social e isto só pode ter lugar se se articulan os mecanismos adecuados para que se leve a cabo a transferencia de resultados ás empresas e estas os poñan en valor, creando emprego e riqueza social. Por iso, o Consello Social, durante este exercicio 2008, prestou especial atención e impulso ás distintas actuacións dirixidas a desenvolver o parque tecnolóxico da Universidade da Coruña, apoiando a promoción do Centro Tecnolóxico do Têxtil e do Centro de Innovación Tecnolóxica para a Autonomía Persoal e os Colectivos Dependentes (ASISTA), ademais de aprobar a participación no de Eficiencia e Sostibilidade Enerxética, no convencemento de que estes centros, configurados como lugares de encontro entre o sector público, a universidade e as empresas, son un mecanismo adecuado e eficiente para facilitar a posta en valor polas empresas do coñecemento e da investigación xerados pola universidade.

Vivimos momentos y circunstancias en los que la sociedad necesita, más que nunca, una universidad excelente y eficiente.

Por una parte, la situación de crisis económica mundial en la que nos encontramos requiere que la capacidad generadora de conocimiento e investigación que caracteriza a las universidades se constituya en auténtico motor del desarrollo económico y social y ello sólo puede tener lugar, si se articulan los mecanismos adecuados para que se lleve a cabo la transferencia de resultados a las empresas y éstas los pongan en valor, creando empleo y riqueza social. Por ello, el Consejo Social, durante este ejercicio 2008, ha prestado especial atención e impulso a las distintas actuaciones dirigidas a desarrollar el parque tecnológico de la Universidad de A Coruña, apoyando la promoción del Centro Tecnológico del Textil y del Centro de Innovación Tecnológica para la Autonomía Personal y los Colectivos Dependientes (ASISTA), además de aprobar la participación en el de Eficiencia y Sostenibilidad Energética, en el convencimiento de que estos centros, configurados como lugares de encuentro entre el sector público, la universidad y las empresas, son un mecanismo adecuado y eficiente para facilitar la puesta en valor por las empresas del conocimiento y de la investigación generados por la universidad.

10

Por outra parte, vivimos momentos decisivos na universidade como consecuencia da implantación do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES), coñecido como Proceso de Boloña. Neste sentido, o Consello Social informou favorablemente en 2008 as propostas de creación dos 26 primeiros títulos de grao adaptados a Boloña, proceso que deberá continuarse neste exercicio 2009, tendo en conta que para o curso 2010–2011, deberá estar concluído o proceso de adaptación e a Universidade da Coruña en condicións de impartir todas as súas titulacións como graos adaptados a Boloña.

Finalmente, non podemos esquecer que, por propio imperativo legal, ao Consello Social lle corresponde impulsar o financiamento da Universidade, de modo que obteña os recursos necesarios para procurar a súa suficiencia económica e financeira. En 2008 procedeuse á aprobación do presuposto da Universidade da Coruña para o exercicio 2009, que se sitúa en 137,8 millóns de euros, o que supón un crecemento do 8,7% con respecto ao ano anterior. Este aumento, sen embargo, só foi posible grazas a unha política de rigor nos presupostos de exercicios anteriores, que permitiu a aplicación ao 2009 de recursos propios dispoñibles de exercicios anteriores. Se queremos que a nosa universidade poida facer fronte con solvencia aos retos que se lle propoñen

Por otra parte, vivimos momentos decisivos en la universidad como consecuencia de la implantación del Espacio Europeo de Educación Superior (EEES), conocido como Proceso de Bolonia. En este sentido, el Consejo Social informó favorablemente en 2008 las propuestas de creación de los 26 primeros títulos de grado adaptados a Bolonia, proceso que deberá continuarse en este ejercicio 2009, teniendo en cuenta que para el curso 2010–2011, deberá estar concluído el proceso de adaptación y la Universidad de A Coruña en condiciones de impartir todas sus titulaciones como grados adaptados a Bolonia.

Finalmente, no podemos olvidar que, por propio imperativo legal, al Consejo Social le corresponde impulsar la financiación de la Universidad, de modo que obtenga los recursos necesarios para procurar su suficiencia económica y financiera. En 2008 se procedió a la aprobación del presupuesto de la Universidad de A Coruña para el ejercicio 2009, que se sitúa en 137,8 millones de euros, lo que supone un crecimiento del 8,7% con respecto al año anterior. Este aumento, sin embargo, sólo ha podido ser posible gracias a una política de rigor presupuestario en ejercicios anteriores, que ha permitido la aplicación al 2009 de recursos propios disponibles de ejercicios anteriores. Si queremos que nuestra universidad pueda hacer frente con solvencia a los retos que en este ejercicio 2009 y en

neste exercicio 2009 e en anos vindeiros, en especial a adaptación ao EEES, será necesario que realice importantes investimentos en recursos humanos e en infraestruturas, onde existe un déficit histórico que requirirá dispoñer de financiamento específico. Isto só será posible se se mellora o financiamento vía colaboración coas empresas e a través do compromiso da sociedade e dos poderes públicos, baseado no recoñecemento do papel decisivo e insubstituíble da universidade para a saída da crise e, en xeral, para o desenvolvemento económico, social e cultural da nosa sociedade.



*D. Antonio Abril Abadín
Presidente do Consello Social*

años posteriores se le plantean, en especial la adaptación al (EEES), será necesario que realice importantes inversiones en recursos humanos y en infraestructuras, donde existe un déficit histórico que requerirá disponer de financiación específica. Ello sólo será posible si se mejora la financiación vía colaboración con las empresas y a través del compromiso de la sociedad y de los poderes públicos, basado en el reconocimiento del papel decisivo e insustituible de la universidad para la salida de la crisis y en general para el desarrollo económico, social y cultural de nuestra sociedad.



*D. Antonio Abril Abadín
Presidente del Consejo Social*

MEMORIA | CONSELLO SOCIAL | UNIVERSIDADE DA CORUÑA
2008

PRESENTACIÓN E COMPOSICIÓN

PRESENTACIÓN Y COMPOSICIÓN





Pleno do Consello Social presidido por D. Antonio Abril Abadín.

Pleno del Consejo Social presidido por D. Antonio Abril Abadín.

¿Que son os Consellos Sociais?

Son os órganos de participación da sociedade nas universidades públicas. No caso das universidades que integran o Sistema Universitario de Galicia (SUG), cada universidade galega ten o seu propio consello social.

¿Qué son los Consejos Sociales?

Son los órganos de participación de la sociedad en las universidades públicas. En el caso de las universidades que integran el Sistema Universitario de Galicia (SUG), cada universidad tiene su propio consejo social.

¿Que fai o Consello Social da UDC?

Impulsa a colaboración entre a UDC e a sociedade para a satisfacción das necesidades do seu contorno, contribuíndo eficazmente ao desenvolvemento social, profesional, económico, tecnolóxico e cultural. O Consello Social é a ponte de unión entre a sociedade galega e a UDC.

¿Qué hace el Consejo social de la UDC?

Impulsa la colaboración entre la UDC en la sociedad para la satisfacción de las necesidades de su entorno, contribuyendo eficazmente al desarrollo social, profesional, económico, tecnológico y cultural. El Consejo Social es el puente de unión entre la sociedad gallega y la UDC.

¿Cales son os obxectivos do Consello Social da UDC?

1. A mellora da calidade do servizo público da educación superior universitaria e mais a obtención dos recursos precisos para procurar a

¿Cuáles son los objetivos del Consejo Social de la UDC?

1. La mejora de la calidad del servicio público de la educación superior universitaria y la obtención de los recursos precisos para procurar su

súa suficiencia económica e financeira, canalizando e adoptando, no marco da legislación vixente, as iniciativas de soporte económico e de mecenado á UDC por parte de persoas físicas e entidades de carácter público e privado.

2. Promover a adecuación da oferta do ensino universitario e das actividades culturais, científicas e de investigación ás necesidades da sociedade.
3. Fomentar e dar soporte á colaboración entre a sociedade e a UDC e, de xeito especial, promover as relacións entre a UDC e o seu contorno, co obxectivo de mellorar o servizo da calidade do ensino universitario.

¿Cales son as competencias fundamentais do Consello Social?

1. A supervisión das actividades de carácter económico da UDC e do rendemento dos seus servizos.
2. Aprobar, por proposta do Consello de Goberno, o orzamento anual.
3. Aprobar as contas anuais da UDC e das sociedades, das fundacións e doutras entidades nas que a Universidade teña participación maioritaria.
4. Fixar os prezos do ensino propio.

suficiencia económica y financiera, canalizando y adoptando, en el marco de la legislación vigente, las iniciativas de soporte económico y de mecenazgo a la UDC por parte de personas físicas y entidades de carácter público y privado.

2. Promover la adecuación de la oferta de la enseñanza universitaria y de las actividades culturales, científicas y de investigación a las necesidades de la sociedad.
3. Fomentar y dar soporte a la colaboración entre la sociedad y la UDC y, de manera especial, promover las relaciones entre la UDC y su entorno, con el objetivo de mejorar el servicio de la calidad de la enseñanza universitaria.

¿Cuáles son las competencias fundamentales del Consejo Social?

1. La supervisión de las actividades de carácter económico de la UDC y del rendimiento de sus servicios.
2. Aprobar, a propuesta del Consejo de Gobierno, los presupuestos anuales.
3. Aprobar las cuentas anuales de la UDC y de las sociedades, fundaciones y otras entidades en las que la Universidad tenga participación mayoritaria.
4. Fijar los precios de las enseñanzas propias.



Sala de Informática na UDC.

Sala de Informática en la UDC.

Composición do Consello Social

O ano 2008 foi de cambios na composición do Consello Social. Ata xullo a presidencia foi exercida por D^a. Felipa Jove Santos. Tras a súa renuncia asumiu o cargo D. Antonio Abril Abadín. Oito novos conselleiros incorporáronse ao órgano durante o ano. O pleno do Consello Social, o máximo órgano de deliberación deste organismo, está integrado por 28 membros, entre representantes da UDC, de institucións, de sindicatos e do ámbito empresarial.

Presidenta/e:

- D^a. Felipa Jove Santos
- D. Antonio Abril Abadín. Decreto 161/2008 do 24 xullo (DOG 4 agosto)

Membros natos:

Reitor

- D. José Manuel Barja Pérez

Secretario Xeral

- D. Xosé Manuel Carril Vázquez

Xerente

- D. Manuel Galdo Pérez

Representantes do Consello de Goberno UDC:

Representante do profesorado

- D. Luis F. Barral Losada

Representante do persoal de administración e servizos

- D. José Felipe Fernández López

Representante do estudantado

- D. Gael González Beira

Representantes dos intereses sociais de Galicia*:

Designados polo Parlamento de Galicia:

- D. Manuel Caamaño Suárez
- D. Juan Carlos González Fernández
- D^a. Virginia Salvo Del Canto
- D. José Manuel Vilariño Anca
- D^a. Sonia Romero Teijo
- D. Marcelo Castro-Rial Schuler

Composición del Consejo Social

El 2008 fue un año de cambios en la composición del Consejo Social. Hasta julio la presidencia fue ejercida por D^a. Felipa Jove Santos. Tras su renuncia, asumió el cargo D. Antonio Abril Abadín. Ocho nuevos consejeros se incorporaron al órgano durante el año. El pleno del Consejo Social, que es el máximo órgano de deliberación de este organismo, está integrado por 28 miembros, entre representantes de la UDC, de instituciones, de sindicatos y del ámbito empresarial.

Presidenta/e:

- D^a. Felipa Jove Santos
- D. Antonio Abril Abadín. Decreto 161/2008 do 24 xullo (DOG 4 agosto)

Miembros natos:

Rector

- D. José Manuel Barja Pérez

Secretario General

- D. Xosé Manuel Carril Vázquez

Gerente

- D. Manuel Galdo Pérez

Representantes del Consejo de Gobierno UDC:

Representante del profesorado

- D. Luis F. Barral Losada

Representante del personal de administración y servicios

- D. José Felipe Fernández López

Representante del estudiantado

- D. Gael González Beira

Representantes de los intereses sociales de Galicia*:

Designados por el Parlamento de Galicia:

- D. Manuel Caamaño Suárez
- D. Juan Carlos González Fernández
- D^a. Virginia Salvo Del Canto
- D. José Manuel Vilariño Anca
- D^a. Sonia Romero Teijo
- D. Marcelo Castro-Rial Schuler

Designados pola Xunta (Orde 7-2-2008):

- D. Ramón Núñez Centella
- D^a. Olga Patiño Doval
- D. Bruno Díaz Doce
- D^a. Patricia Vila Castiñeira
- D^a. Delia Vázquez Vázquez
- D. Xosé Lois Seixo Fernández

Designados polos Sindicatos:

- D. José Carrillo Souto
- D. Juan A. del Valle Codesal

Designados polas Organizacións Empresariais:

- D. Julio Rivero Gómez
- D. Francisco Santiañez Orero (Orde 11-11-2008)
- D. Enrique Ulloa Canalejo
- D. Antonio Couceiro Méndez

Designados polas Corporacións Locais:

- D^a. Carmen Marón Beltrán
- D^a. Yolanda Díaz Pérez

Secretario/a:

- D^a. Belén Rey Asensio
- D. Enrique Muñoz Lagarón (Orde 6-8-2008)

*Composición do Pleno a 31 de decembro de 2008.

Designados por la Xunta (Orden 7-2-2008):

- D. Ramón Núñez Centella
- D^a. Olga Patiño Doval
- D. Bruno Díaz Doce
- D^a. Patricia Vila Castiñeira
- D^a. Delia Vázquez Vázquez
- D. Xosé Lois Seixo Fernández

Designados por los Sindicatos:

- D. José Carrillo Souto
- D. Juan A. del Valle Codesal

Designados por las Organizaciones Empresariales:

- D. Julio Rivero Gómez
- D. Francisco Santiañez Orero (Orden 11-11-2008)
- D. Enrique Ulloa Canalejo
- D. Antonio Couceiro Méndez

Designados por las Corporaciones Locales:

- D^a. Carmen Marón Beltrán
- D^a. Yolanda Díaz Pérez

Secretario/a:

- D^a. Belén Rey Asensio
- D. Enrique Muñoz Lagarón (Orden 6-8-2008)

*Composición del Pleno a 31 de diciembre de 2008.



Pleno do Consello durante a presidencia de D^a. Felipa Jove.

Pleno del Consejo durante la presidencia de D^a. Felipa Jove.

MEMORIA | CONSELLO SOCIAL | UNIVERSIDADE DA CORUÑA
2008



REPRESENTACIÓN DO CONSELLO SOCIAL
NOUTROS ÓRGANOS E INSTITUCIÓN

REPRESENTACIÓN DEL CONSEJO SOCIAL
EN OTROS ORGANOS E INSTITUCIONES

Biblioteca Casa do Patín, Facultade de Humanidades (Campus Esteiro, Ferrol).

Biblioteca Casa do Patín, Facultad de Humanidades (Campus Esteiro, Ferrol).

REPRESENTACIÓN DO CONSELLO SOCIAL NOUTROS ÓRGANOS E INSTITUCIÓNS

REPRESENTACIÓN DEL CONSEJO SOCIAL EN OTROS ORGANOS E INSTITUCIONES

Os membros do Consello Social tiveron presenza durante o ano 2008 nos seguintes órganos, institucións e comisións:

Representantes no Consello Galego de Universidades:

- Presidente do Consello Social

[Art. 7 e) Lei 2/03, do Consello Galego de Universidades]

Representantes na Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG):

CONSELLO DE DIRECCIÓN:

- Presidente do Consello Social

CONSELLO TÉCNICO:

- Secretario do Consello Social

[Art. 14.1 da Resolución do 12 de marzo de 2001, da Dirección Xeral de Universidades, pola que se publica o convenio de colaboración asinado o día 30 de xaneiro de 2001 entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Secretaría Xeral de Investigación e Desenvolvemento e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para a creación do Consorcio Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia]

Representantes no Consello de Goberno da Universidade da Coruña:

- D. Carlos González Fernández
- D. Juan del Valle Codesal
- D. Enrique Ulloa Canalejo

[Art. 15.2 da Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades e do art. 28.1 f) dos Estatutos da Universidade da Coruña, aprobados por Decreto da Xunta de Galicia 101/2004, do 13 de maio]

Los miembros del Consejo Social estuvieron presentes durante el año 2008 en los siguientes órganos, instituciones y comisiones:

Representantes en el Consejo Gallego de Universidades:

- Presidente del Consejo Social

[Art. 7 e) Ley 2/03, del Consejo Gallego de Universidades]

Representantes en la Agencia para la Calidad del Sistema Universitario de Galicia (ACSUG):

CONSEJO DE DIRECCIÓN:

- Presidente del Consejo Social

CONSEJO TÉCNICO:

- Secretario del Consejo Social

[Art. 14.1 de la Resolución dle 12 de marzo del 2001, de la Dirección Xeral de Universidades, por la que se publica el convenio de colaboración firmado el día 30 de enero de 2001 entre la Xunta de Galicia, a través de la Consellería de Educación y Ordenación Universitaria y la Secretaría Xeral de Investigación e Desenvolvemento y las universidades de Santiago de Compostela, A Coruña y Vigo para la creación del Consorcio Agencia para la Calidad del Sistema Universitario de Galicia]

Representantes en el Consejo de Gobierno de la Universidad de A Coruña:

- D. Carlos González Fernández
- D. Juan del Valle Codesal
- D. Enrique Ulloa Canalejo

[Art. 15.2 de la Ley Orgánica 6/2001, del 21 de diciembre, de universidades y del art. 28.1 f) de los Estatutos de la Universidad de A Coruña, aprobados por Decreto de la Xunta de Galicia 101/2004, del 13 de mayo]

Representantes na Comisión de Seguimento prevista no convenio de colaboración entre a Confederación de Empresarios e a Universidade da Coruña sobre programas de cooperación educativa:

- D. Luis Fernando Barral Losada
- D. Enrique Muñoz Lagarón

Representantes no Padroado da Fundación Parque Científico-Tecnolóxico "Río do Pozo":

- D. Patricia Vila Castiñeira
- D. Juan del Valle Codesal

Representantes no Padroado da Fundación da Universidade da Coruña:

- D^a Sonia Romero Teijo
- D. Marcelo Castro-Rial Schuler

PATRÓNS:

- D. Antonio Abril Abadín
- D. José Carrillo Souto
- D. Antonio Couceiro Méndez

Representantes na Corporación Universidade da Coruña, S.L.:

XUNTA DE ACCIONISTAS

- D. Antonio Abril Abadín

CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN

- D. Antonio Abril Abadín
- D. Manuel Galdo Pérez

Representantes en la Comisión de Seguimiento prevista en el convenio de colaboración entre la Confederación de Empresarios y la Universidad de A Coruña sobre programas de cooperación educativa:

- D. Luis Fernando Barral Losada
- D. Enrique Muñoz Lagarón

Representantes en el Patronato de la Fundación Parque Científico-Tecnológico "Río do Pozo":

- D. Patricia Vila Castiñeira
- D. Juan del Valle Codesal

Representantes en el Patronato de la Fundación de la Universidad de A Coruña:

- D^a Sonia Romero Teijo
- D. Marcelo Castro-Rial Schuler

PATRONES:

- D. Antonio Abril Abadín
- D. José Carrillo Souto
- D. Antonio Couceiro Méndez

Representantes en la Corporación Universidad de A Coruña, S.L.:

JUNTA DE ACCIONISTAS

- D. Antonio Abril Abadín

CONSEJO DE ADMINISTRACIÓN

- D. Antonio Abril Abadín
- D. Manuel Galdo Pérez



*Sede do Consello Social
(Campus Riazor, A Coruña).*

*Sede del Consejo Social
(Campus Riazor, A Coruña).*

MEMORIA | CONSELLO SOCIAL | UNIVERSIDADE DA CORUÑA
2008



**SESIÓN PLENARIAS
E ACORDOS DO CONSELLO SOCIAL**

SESIONES PLENARIAS
Y ACUERDOS DEL CONSEJO SOCIAL

SESIÓNS PLENARIAS E ACORDOS DO CONSELLO SOCIAL

SESIONES PLENARIAS Y ACUERDOS DEL CONSEJO SOCIAL



*O presidente, D. Antonio Abril;
o reitor, D. José María Barja e o
xerente, D. Manuel Galdo.*

*El presidente, D. Antonio Abril;
el rector, D. José María Barja y
el gerente, D. Manuel Galdo.*

O PLENO DO CONSELLO SOCIAL ADOPTOU OS SEGUENTES ACORDOS NO ANO 2008:
EL PLENO DEL CONSEJO SOCIAL ADOPTÓ LOS SIGUIENTES ACUERDOS EN EL AÑO 2008:

Sesión extraordinaria do 14 de febreiro

Información favorable dos primeiros graos adaptados a Bolonia

O Pleno acordou por unanimidade, informar favorablemente a proposta de creación do título de grao de Socioloxía pola Universidade da Coruña e do título de grao en Terapia Ocupacional pola Universidade da Coruña para o curso 2008/2009.

Información favorable do posgrao en Dirección Integrada de Proxectos

O Pleno acordou, por unanimidade, informar favorablemente a proposta de posgrao en Dirección Integrada de Proxectos e renunciar á proposta de posgrao en Dirección de Proxectos.

Sesión do 6 de marzo

Aprobación da Memoria

O Pleno acordou por unanimidade, ao abeiro do disposto no art. 3.c) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos Consellos Sociais do Sistema Universitario de Galicia,

Sesión extraordinaria del 14 de febrero

Información favorable de los primeros grados adaptados a Bolonia

El Pleno acordó por unanimidad informar favorablemente la propuesta de creación del título de grado de Sociología por la Universidad de A Coruña y del título de grado en Terapia Ocupacional por la Universidad de A Coruña para el curso 2008/2009.

Información favorable del postgrado en Dirección Integrada de Proyectos

El Pleno acordó, por unanimidad, informar favorablemente la propuesta de postgrado en Dirección Integrada de Proyectos y renunciar a la propuesta de postgrado en Dirección de Proyectos.

Sesión del 6 de marzo

Aprobación de la Memoria

El Pleno acordó por unanimidad, al amparo de lo dispuesto en el art. 3.c) de la Ley 1/2003, del 9 de mayo, de los Consejos Sociales del Sistema Universitario de

e no art. 3.1.a) do seu Regulamento de organización e funcionamento, aprobar a Memoria de Actividades do Consello Social da Universidade da Coruña correspondente ao exercicio 2007.

Aprobación das tarifas de Bibliotecas

Acordouse por unanimidade, ao abeiro do disposto no art. 4.e) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos Consellos Sociais do Sistema Universitario de Galicia, fixar as tarifas para o ano 2008 do préstamo interbibliotecario da Universidade da Coruña.

Aprobación de complementos autonómicos por cargos de xestión

Como consecuencia da revisión pola ACSUG, das puntuacións finais do complemento autonómico ao profesorado por cargos de xestión, o Pleno do Consello Social da Universidade da Coruña vese na obriga de revisar estas. É por isto que, tras o seu estudo, e ao abeiro do artigo 4.h) Lei 1/2003, do 9 de maio, dos Consellos Sociais do Sistema Universitario de Galicia, o Pleno acorda, por unanimidade, a aprobación das novas puntuacións dadas pola ACSUG.

Aprobación de complementos autonómicos por labor docente e investigador

O Pleno acordou por unanimidade, ao abeiro do disposto no art. 4.h) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos Consellos Sociais do Sistema Universitario de Galicia, aprobar as propostas de recoñecemento dos complementos autonómicos ao labor docente e investigador de determinado profesorado que se relaciona no anexo remitido pola ACSUG.

Sesión do 5 de xuño

Aprobación da participación da UDC na "Fundación Centro Tecnolóxico de Eficiencia e Sostibilidade Enerxética"

O Pleno do Consello Social da Universidade da Coruña,

Galicia, y en el art. 3.1.a) de su Reglamento de organización y funcionamiento, aprobar la Memoria de Actividades del Consejo Social de la Universidad de A Coruña correspondiente al ejercicio 2007.

Aprobación de las tarifas de Bibliotecas

Se acordó por unanimidad, al amparo de lo dispuesto en el art. 4.e) de la Ley 1/2003, del 9 de mayo, de los Consejos Sociales del Sistema Universitario de Galicia, fijar las tarifas para el año 2008 del préstamo interbibliotecario de la Universidad de A Coruña.

Aprobación de complementos autonómicos por cargos de gestión

Como consecuencia de la revisión por la ACSUG, de las puntuaciones finales del complemento autonómico al profesorado por cargos de gestión, el Pleno del Consejo Social de la Universidad de A Coruña asume la obligación de revisar las mismas. Es por eso que, tras su estudio, y al amparo del artículo 4.h) Ley 1/2003, de 9 de mayo, de los Consejos Sociales del Sistema Universitario de Galicia, el Pleno acuerda, por unanimidad, la aprobación de las nuevas puntuaciones dadas por la ACSUG.

Aprobación de complementos autonómicos por labor docente e investigadora

El Pleno acordó por unanimidad, al amparo de lo dispuesto en el art. 4.h) de la Ley 1/2003, del 9 de mayo, de los Consejos Sociales del Sistema Universitario de Galicia, aprobar las propuestas de reconocimiento de los complementos autonómicos a la labor docente e investigadora de determinado profesorado que se relaciona en el anexo remitido por la ACSUG.

Sesión del 5 de junio

Aprobación de la participación de la UDC en la "Fundación Centro Tecnolóxico de Eficiencia y Sostibilidade Enerxética"

El Pleno del Consejo Social de la Universidad da Co-

ña, acordou por unanimidade, ao abeiro do disposto no art. 3.k) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos Consellos Sociais do Sistema Universitario de Galicia, aprobar a participación da UDC na “Fundación Centro Tecnolóxico de Eficiencia e Sostibilidade Enerxética” cunha achega de 7.500 euros e designar a D. Luis Fernando Barral Losada, vicerreitor de Ferrol e Relacións Universidade-Empresa, como membro do padroado da “Fundación Centro Tecnolóxico de Eficiencia e Sostibilidade Enerxética”, en representación da Universidade da Coruña.

Aprobación de complemento autonómico por cargos de xestión

O Pleno do Consello Social da Universidade da Coruña, ó amparo do artigo 4.h) Lei 1/2003, do 9 de maio, dos Consellos Sociais do Sistema Universitario de Galicia, acorda, por unanimidade, a aprobación do complemento autonómico ao profesorado por cargos de xestión, por proposta da Comisión de Organización Académica e Profesorado da Universidade da Coruña, tras a súa valoración pola ACSUG.

Sesión extraordinaria do 16 de xullo

Distribución das bolsas de colaboración nos Departamentos da UDC

Acordouse, por unanimidade, aprobar a distribución das bolsas de colaboración nos departamentos da Universidade da Coruña, convocadas polo Ministerio de Educación y Ciencia para o curso académico 2008/2009.

Coñecemento dos prezos universitarios

O Pleno acordou por unanimidade, darse por informado do proxecto de Decreto polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario para o curso 2008/2009, facendo constar que, o Pleno do Consello Social manifesta o seu malestar polo procedemento seguido na solicitude deste informe,

ruña, acordó por unanimidad, al amparo de lo dispuesto en el art. 3.k) de la Ley 1/2003, del 9 de mayo, de los Consejos Sociales del Sistema Universitario de Galicia, aprobar la participación de la UDC en la “Fundación Centro Tecnológico de Eficiencia y Sostenibilidad Energética” con una dotación de 7.500 euros y designar a D. Luis Fernando Barral Losada, Vicerrector de Ferrol y Relaciones Universidad-Empresa, como miembro del patronato de la “Fundación Centro Tecnológico de Eficiencia y Sostenibilidad Energética”, en representación de la Universidad de A Coruña.

Aprobación de complemento autonómico por cargos de gestión

El Pleno del Consejo Social de la Universidad de A Coruña, al amparo del artículo 4.h) Ley 1/2003, de 9 de mayo, de los Consejos Sociales del Sistema Universitario de Galicia, acuerda, por unanimidad, la aprobación del complemento autonómico al profesorado por cargos de gestión, a propuesta de la Comisión de Organización Académica y Profesorado de la Universidad de A Coruña, tras su valoración por la ACSUG.

Sesión extraordinaria del 16 de julio

Distribución de las becas de colaboración en los Departamentos de la UDC

Se acordó, por unanimidad, aprobar la distribución de las becas de colaboración en los departamentos da Universidade de A Coruña, convocadas por el Ministerio de Educación y Ciencia para el curso académico 2008/2009.

Conocimiento de los precios universitarios

El Pleno acordó por unanimidad, darse por informado del proyecto de Decreto por el que se fijan los precios correspondientes a los estudios conducentes a la obtención de títulos oficiales en la enseñanza universitaria para el curso 2008/2009, haciendo constar que, el Pleno del Consejo Social manifiesta su malestar por el procedimiento seguido en la solicitud de este in-

xa que este Decreto a día de hoxe xa foi aprobado polo Consello da Xunta.

Adhesión a declaración do Claustro da UDC contra a subida das taxas universitarias

Por outro lado, o Pleno do Consello Social acorda sen ningún voto en contra e con dúas abstencións sumarse á declaración institucional do Claustro da Universidade da Coruña do 18 de abril de 2008 en contra da subida das taxas universitarias.

forme, ya que este Decreto a día de hoy ya ha sido aprobado por el Consejo de la Xunta.

Adhesión a la declaración del Claustro de la UDC contra la subida de las tasas universitarias

Por otro lado, el Pleno del Consejo Social acuerda sin ningún voto en contra y con dos abstenciones, sumarse a la declaración del Claustro de la Universidad de A Coruña del 18 de abril de 2008 en contra de la subida de las tasas universitarias.



*Centro de Investigacións Tecnolóxicas
(Campus Esteiro, Ferrol).*

*Centro de Investigaciones Tecnológicas
(Campus Esteiro, Ferrol).*

Sesión do 2 de outubro

Designación de representantes no padroado da “Fundación Río del Pozo” e no Consello de Goberno

Acordouse por unanimidade, ao abeiro do disposto no art. 6.h) do Regulamento de organización e funcionamento do Consello Social da Universidade da Coruña, designar como representante no Padroado “Fundación Río del Pozo” a D^a Patricia Vila Castiñeira, e como representante no Consello de Goberno da Universidade a D. Enrique Ulloa Canalejo.

Resolución do complemento autonómico por cargos de xestión

O Pleno do Consello Social da Universidade da Coruña, acordou por unanimidade, ao abeiro do disposto no art. 4.h) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos Consellos Sociais do Sistema Universitario de Galicia, aprobar a resolución do complemento autonómico por cargos de xestión ao profesorado proposto pola Comisión de Organización Académica e Profesorado da Universidade da Coruña logo da valoración realizada pola ACSUG.

Aprobación do complemento autonómico por labor docente e investigador

Acordouse por unanimidade aprobar o complemento autonómico ao labor docente e investigador do profesorado proposto pola Comisión de Organización Académica e Profesorado da Universidade da Coruña, logo da valoración realizada pola ACSUG.

Fixación das tarifas dos cursos da Cátedra Jean Monnet

O Pleno acordou por unanimidade, ao abeiro do disposto no art. 4.e) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos Consellos Sociais do Sistema Universitario de Galicia, fixar as tarifas para o curso 2008/2009 dos cursos da Cátedra Jean Monnet da Universidade da Coruña. No Decreto 147/2008, do 10 de xullo (DOG 21 de xullo), polo que se fixan os prezos co-

Sesión del 2 de octubre

Designación de representantes en el patronato de la “Fundación Río del Pozo” y en el Consejo de Gobierno

Se acordó por unanimidad, al amparo de lo dispuesto en el art. 6.h) del Reglamento de organización y funcionamiento del Consejo Social de la Universidad de A Coruña, designar como representante en el Patronato de la “Fundación Río del Pozo” a D^a Patricia Vila Castiñeira, y como representante en el Consejo de Gobierno de la Universidad a D. Enrique Ulloa Canalejo.

Resolución del complemento autonómico por cargos de gestión

El Pleno del Consejo Social de la Universidad de A Coruña, acordó por unanimidad, al amparo de lo dispuesto en el art. 4.h) de la Ley 1/2003, del 9 de mayo, de los Consejos Sociales del Sistema Universitario de Galicia, aprobar la resolución del complemento autonómico por cargos de gestión al profesorado propuesto por la Comisión de Organización Académica y Profesorado de la Universidad de A Coruña luego de la valoración realizada por la ACSUG.

Aprobación del complemento autonómico por labor docente e investigadora

Se acordó por unanimidad aprobar el complemento autonómico a la labor docente e investigadora del profesorado propuesto por la Comisión de Organización Académica y Profesorado de la Universidad de A Coruña, tras la valoración realizada por la ACSUG.

Establecimiento de las tarifas de los cursos de la Cátedra Jean Monnet

El Pleno acordó por unanimidad, al amparo de lo dispuesto en el art. 4.e) de la Ley 1/2003, del 9 de mayo, de los Consejos Sociales del Sistema Universitario de Galicia, fijar las tarifas para el curso 2008/2009 de los cursos de la Cátedra Jean Monnet de la Universidad de A Coruña. En el Decreto 147/2008, del 10 de julio (DOG 21 de julio), por el que se fijan los precios co-

rrespondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario para o curso 2008/2009, establécese o prezo do crédito para ensinanzas renovadas, epígrafe B, que se aplicará a estes cursos.

rrespondientes a los estudios conducentes a la obtención de títulos oficiales en la enseñanza universitaria para el curso 2008/2009, se establece el precio del crédito para ensinanzas renovadas, epígrafe B, que se aplicará a estos cursos.



Escola Técnica Superior de Camiños, Canais e Portos (Campus Elviña, A Coruña).

Escuela Técnica Superior de Caminos, Canales y Puertos (Campus Elviña, A Coruña).

Sesión do 13 de novembro

Composición de comisións

O Pleno acordou por unanimidade, aprobar a constitución das seguintes comisións:

COMISIÓN EXECUTIVA:

- D. Antonio Abril Abadín, presidente do Consello Social
- D. José M^a Barja Pérez, reitor da UDC
- D. Luis Barral Losada, Consello Goberno
- D. Manuel Caamaño Suárez, intereses sociais
- D. Antonio Couceiro Méndez, intereses sociais
- D. Enrique Muñoz Lagarón, secretario, con voz e sen voto, do Consello Social

COMISIÓN PERMANENTE DE ASUNTOS ECONÓMICOS, FINANCEIROS E PATRIMONIAIS.

- D. Antonio Abril Abadín, presidente do Consello Social
- D. Luis Barral Losada, Consello Goberno
- D. Julio Rivero Gómez, intereses sociais
- D. José Carrillo Souto, intereses sociais
- D. Manuel Galdo Pérez, xerente da UDC
- D. Enrique Muñoz Lagarón, secretario, con voz e sen voto, do Consello Social

COMISIÓN PERMANENTE DE SUPERVISIÓN DE ACTIVIDADES UNIVERSITARIAS.

- D. Antonio Abril Abadín, presidente do Consello Social
- D. Gael González Beira, Consello de Goberno
- D. Carlos González Fernández, intereses sociais
- D. Juan del Valle Codesal, intereses sociais
- D. Xosé Manuel Carril Vázquez, secretario xeral da UDC
- D. Enrique Muñoz Lagarón, secretario, con voz e sen voto, do Consello Social

COMISIÓN TEMPORAL DE RELACIÓNS UNIVERSIDADE-SOCIEDADE:

- D. Antonio Abril Abadín, presidente do Consello Social

Sesión del 13 de noviembre

Composición de comisiones

El Pleno acordó por unanimidad, aprobar la constitución de las siguientes comisiones:

COMISIÓN EJECUTIVA:

- D. Antonio Abril Abadín, presidente del Consejo Social
- D. José M^a Barja Pérez, rector de la UDC
- D. Luis Barral Losada, Consejo de Gobierno
- D. Manuel Caamaño Suárez, intereses sociales
- D. Antonio Couceiro Méndez, intereses sociales
- D. Enrique Muñoz Lagarón, secretario, con voz y sin voto, del Consejo Social

COMISIÓN PERMANENTE DE ASUNTOS ECONÓMICOS, FINANCIEROS Y PATRIMONIALES.

- D. Antonio Abril Abadín, presidente del Consejo Social
- D. Luis Barral Losada, Consejo de Gobierno
- D. Julio Rivero Gómez, intereses sociales
- D. José Carrillo Souto, intereses sociales
- D. Manuel Galdo Pérez, gerente de la UDC
- D. Enrique Muñoz Lagarón, secretario, con voz y sin voto, del Consejo Social

COMISIÓN PERMANENTE DE SUPERVISIÓN DE ACTIVIDADES UNIVERSITARIAS.

- D. Antonio Abril Abadín, presidente del Consejo Social
- D. Gael González Beira, Consejo de Gobierno
- D. Carlos González Fernández, intereses sociales
- D. Juan del Valle Codesal, intereses sociales
- D. Xosé Manuel Carril Vázquez, secretario general de la UDC
- D. Enrique Muñoz Lagarón, secretario, con voz y sin voto, del Consejo Social

COMISIÓN TEMPORAL DE RELACIONES UNIVERSIDADE-SOCIEDADE:

- D. Antonio Abril Abadín, presidente del Consejo Social

- D. Luis Barral Losada, Consello de Goberno
- D. José Felipe Fernández López, Consello de Goberno
- D. Antonio Couceiro Méndez, intereses sociais
- D^a.Virginia Salvo del Canto, intereses sociais
- D. Enrique Muñoz Lagarón, secretario, con voz e sen voto, secretario do Consello Social

Infomación favorable para doce títulos de grao

O Pleno acordou por unanimidade, informar favorablemente as propostas de creación dos títulos de grao pola Universidade da Coruña en:

- Bioloxía
- Química
- Educación Social
- Logopedia
- Ciencias da Actividade Física e do Deporte
- Economía
- Administración e Dirección de Empresas
- Español: Estudos Lingüísticos e Literarios
- Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios
- Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios
- Ciencias Empresariais
- Turismo

Aprobación do complemento autonómico por excelencia curricular docente e investigadora

O Pleno do Consello Social da Universidade da Coruña, ó amparo do artigo 4.h) Lei 1/2003, do 9 de maio, dos Consellos Sociais do Sistema Universitario de Galicia, acorda, coa única abstención de D. Xosé Manuel Carril Vázquez, por ser un dos profesores interesados no acordo, a aprobación do complemento autonómico de recoñecemento por excelencia curricular docente e investigadora ao profesorado, por proposta da Comisión de Organización Académica e Profesorado da Universidade da Coruña e, tras a súa valoración pola ACSUG.

- Luis Barral Losada, Consejo de Gobierno
- D. José Felipe Fernández López, Consejo de Gobierno
- D. Antonio Couceiro Méndez, intereses sociales
- D^a.Virginia Salvo del Canto, intereses sociales
- D. Enrique Muñoz Lagarón, secretario, con voz y sin voto, secretario del Consejo Social

Información favorable para doce títulos de grao

El Pleno acordó por unanimidad, informar favorablemente las propuestas de creación de títulos de grao por la Universidad de A Coruña en:

- Biología
- Química
- Educación Social
- Logopedia
- Ciencias de la Actividad Física y del Deporte
- Economía
- Administración y Dirección de Empresas
- Español: Estudios Lingüísticos y Literarios
- Gallego y Portugués: Estudios Lingüísticos y Literarios
- Inglés: Estudios Lingüísticos y Literarios
- Ciencias Empresariales
- Turismo

Aprobación del complemento autonómico por excelencia curricular docente e investigadora

El Pleno del Consejo Social de la Universidad de A Coruña, al amparo del artículo 4.h) Ley 1/2003, de 9 de mayo, de los Consejos Sociales del Sistema Universitario de Galicia, acuerda, con la única abstención de D. Xosé Manuel Carril Vázquez, por ser uno de los profesores interesados en el acuerdo, la aprobación del complemento autonómico de reconocimiento por excelencia curricular docente e investigadora al profesorado, a propuesta de la Comisión de Organización Académica y Profesorado de la Universidad de A Coruña, tras su valoración por la ACSUG.

Aprobación do complemento autonómico por labor docente e investigador

O Pleno do Consello Social da Universidade da Coruña, acordou por unanimidade, ao abeiro do disposto no art. 4.h) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos Consellos Sociais do Sistema Universitario de Galicia, aprobar a resolución do complemento autonómico de recoñecemento ao labor docente e investigador a determinado profesorado proposto pola Comisión de Organización Académica e Profesorado da Universidade da Coruña, logo da valoración realizada pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

Aprobación da tarifa para formación de profesorado de secundaria

Ao abeiro do disposto no art. 4.e) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos Consellos Sociais do Sistema Universitario de Galicia, aprobouse unha tarifa de corenta euros para o curso 2008/2009, para o plano de formación do profesorado de secundaria dentro da oferta formativa do Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa.

Modificación da distribución de bolsas

O Pleno acordou, segundo se dispón na Resolución de 13 de xuño da Secretaría de Estado de Educación e Formación, unha vez efectuado o estudo de solicitudes polo xurado de selección, e tendo en conta que algúns Departamentos non tiveron ningunha solicitude e a desigual demanda que teñen as distintas áreas, aprobar a proposta de distribución das 32 Bolsas-Colaboración con Departamentos da Universidade da Coruña para o ano académico 2008-2009, tal e como se ref icte no seguinte cadro, modificando o acordo adoptado con data de 16 de xullo de 2008.

Aprobación del complemento autonómico por labor docente e investigadora

El Pleno del Consejo Social de la Universidad de A Coruña, acordó por unanimidad, al amparo de lo dispuesto en el art. 4.h) de la Ley 1/2003, del 9 de mayo, de los Consejos Sociales del Sistema Universitario de Galicia, aprobar la resolución del complemento autonómico de reconocimiento a la labor docente e investigadora a determinado profesorado propuesto por la Comisión de Organización Académica y Profesorado de la Universidad de A Coruña, tras la valoración realizada por la Agencia para la Calidad del Sistema Universitario de Galicia.

Aprobación de una tarifa para formación de profesorado de secundaria

Al amparo de lo dispuesto en el art. 4.e) de la Ley 1/2003, del 9 de mayo, de los Consejos Sociales del Sistema Universitario de Galicia, se aprobó una tarifa de cuarenta euros para el curso 2008/2009, para el plan de formación del profesorado de secundaria dentro de la oferta formativa del Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa.

Modificación de la distribución de becas

El Pleno acordó, según se dispone en la Resolución del 13 de junio de la Secretaría de Estado de Educación y Formación, una vez efectuado el estudio de solicitudes por el jurado de selección, y teniendo en cuenta que algunos Departamentos no tuvieron ninguna solicitud y la desigual demanda que tienen las distintas áreas, aprobar la propuesta de distribución de las 32 Becas-Colaboración con Departamentos de la Universidad de A Coruña para el año académico 2008-2009, tal y como ref eja el cuadro adjunto, modificando el acuerdo adoptado con fecha del 16 de julio de 2008.

DISTRIBUCIÓN DE BOLSAS POR DEPARTAMENTO

DISTRIBUCIÓN DE BECAS POR DEPARTAMENTO

Nº BOLSAS
Nº BECAS

BIOLOXÍA ANIMAL, BIOLOXÍA VEXETAL E ECOLOXÍA - Biología Animal, Biología Vegetal y Ecología	4
BIOLOXÍA CELULAR E MOLECULAR - Biología Celular y Molecular	5
ANÁLISE ECONÓMICA E ADMINISTRACIÓN DE EMPRESAS - Análisis Económico y Administración de Empresas	1
MEDICINA - Medicina	2
DEREITO PÚBLICO - Derecho Público	1
DEREITO PÚBLICO ESPECIAL - Derecho Público Especial	1
FILOLOXÍA ESPAÑOLA E LATINA - Filología Española y Latina	2
COMPOSICIÓN - Composición	6
COMPUTACIÓN - Computación	1
PSICOLOXÍA EVOLUTIVA E DA EDUCACIÓN - Psicología Evolutiva y de la Educación	1
ENXEÑERÍA NAVAL E OCEÁNICA - Ingeniería Naval y Oceánica	2
ENERXÍA E PROPULSIÓN MARIÑA - Energía y Propulsión Marina	1
MÉTODOS MATEMÁTICOS E DE REPRESENTACIÓN - Métodos Matemáticos y de Representación	1
PROXECTOS ARQUITECTÓNICOS E URBANISMO - Proyectos Arquitectónicos y Urbanismo	2
TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E AS COMUNICACIÓNS - Tecnologías de la Información y las Comunicaciones	1
SOCIOLOXÍA E CIENCIA POLÍTICA E DA ADMINISTRACIÓN - Sociología y Ciencia Política y de la Administración	1
TOTAL	32

Sesión do 10 de decembro

Aprobación do calendario de plenos do 2009

O Pleno acordou por unanimidade, ao abeiro do disposto no art. 20.2 do Regulamento de organización e funcionamento do Consello Social da UDC, aprobar o seguinte calendario de plenos para o ano 2009: 5 de marzo, 4 de xuño, 24 de setembro e 17 de decembro.

Aprobación do orzamento do Consello Social

